

—Arte Livre é unha compañía moi peculiar na súa concepción do teatro. Que lle dixerón cando lle propuxeron levar á escena unha obra sobre Lorca?

—Eu xa levo colaborando con eles desde o ano 2000. Primeiro, coñecín a Roberto Cordovani, que leva en Galicia vinte e cinco anos, e despois a Eisenhower Moreno. A primeira obra que escribín para eles foi *Bel le Otero. O corpo que fala*; a segunda, *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegard*. Ademais destas obras, colaborei con eles de asesora lingüística nalgunhas das pezas que representaron. Tempo despois, fixemos a montaxe de *Lolas*, no que traballamos os tres, e onde eu debutei como actriz. Así chegamos ao momento actual, no que Eisenhower Moreno me pediu que lle escribise un texto sobre Lorca. Investiguei moitísimo porque o texto era moi complicado: visualicei documentais, lin libros sobre Lorca e relín toda a súa obra. Ao final, penso que conseguín acadar unha imaxe de Lorca fóra dos estereotipos.

—Pero, escribir sobre García Lorca e dicir algo novo, non é doado. Cal vén ser o Lorca que quería Vde. reflectir na súa obra?

—A obra enmárcase nos derradeiros días da vida do escritor. Comeza no momento da detención e remata co fusilamento. Polo medio hai unha introspección sobre a crise da escrita de Lorca, o motivo polo que cambiou a música pola escrita, a crise do teatro... pero realmente a pregunta era "Por que mataron a Lorca?" Todos somos Lorca ou herdamos algo de Lorca. Na obra dicimos que a Lorca o mataron por ser republicano, homosexual e poeta. Así mostrámolo nas tres dimensións: o home republicano comprometido co teatro popular, cunha tradición e ao mesmo tempo coa vangarda e co discurso creador daquel momento. Tamén está o Lorca homosexual, que sofre moito pola súa condición, aínda que a partir da súa estada en Nova York cambia a visión de como mostrar esa homosexualidade, como vivirla... A pena é que lle quedou pouco tempo para facelo. Aquí está o drama epéptico (homes que crean, pero non procrean), unha terminoloxía que empregaban os homosexuais no círculo lorquiano e que tamén coñece e emprega Blanco Amor. E, por último, como poeta, escribía defendendo o pobo e a liberdade. Polo tanto, este é un Lorca vivo, que sofre, que ten preocupacións, medos, e que tamén pode ser alegre (dentro do que cabe, por mor das circunstancias), moi amante da música, da canción e do baile.

—Entreviú Vde. en posta en escena da obra ou preferiu manterse á manxe?

—Eu intervíñ no texto e en adaptar o texto ás escenas. Fixen cancións, ás que maxistralmente lles puxo a música María Graña, pero é a primeira vez que non vin ningún ensaio xeral. Para min, a posta en escena foi igual de sorprendente que para calquera persoa do público. Iso si, participei no final, que é a maneira de dicir que Lorca somos todos e todas.

—E agora, coa obra xa estreada, síntese satisfeita co resultado?

—Moi satisfeita. Aínda que a obra está xa rematada, eu seguiría mirándoa. Non me canso dela. Trátase dun texto moi poético e é unha verdadeira sorte e un luxo para calquera dramaturgo poder escribir para un actor como Eisenhower. É doado crear personaxes para un actor que quere facer esas personaxes. Estou moi contenta porque o papel de Lorca resultou perfecto para el.

—O seu último poemario, *A cidade sen roupa ao sol*, foi galardoado co Premio da Crítica Española 2011, o que, para Vde., su-

poño, sería outro motivo de orgullo...

—O premio colleume totalmente por sorpresa. Nin sabía como era, ata pensei que tiña que ir recollelo a algún sitio e non foi así. O que máis me gustou foi o contento que se puxo algunha xente, nomeadamente a de Tui, que o tomou como algo propio.

—É que como se trata dun poemario que, ademais de Vde., ten como protagonista a propia cidade de Tui...

—É certo que o libro está moi centrado en Tui, pero non soamente nela. Tui aparece como un espazo pechado que se ergue como unha metáfora do que nos queda por facer. En Galicia quedan moitas cousas por facer, unha delas é reflexionar sobre a linguaxe que nos foi imposta pola ditadura e na que aínda estamos presos. Reflexionar sobre a educación que nos impuxeron e sobre como poderíamos facer para librar-nos dela e, a pesar de todo, medrar. Ao remate do libro, tamén hai un retrato, que é a miña conexión coas escritoras galegas, ás que vou citando. Polo medio do libro, hai

escritores e persoas das que aprendín moito, como Lois Tobío, que me ensinou que son a patria e a lingua, tamén están Luís Seoane, Mariví Villaverde... persoas do noso ser galegos e galegas, que nos conectaron coa universalidade do mundo. Trátase dun poemario da educación sentimental que podería ter unha rapaza criada nunha aldea e que de vez en cando ten diante de si unha cidade monumental.

—É Vde. escritora en varios rexistros (teatro, poesía, tradución...) En cal deles se sente máis a gusto?

—O teatro é o xénero literario por excelencia, fai que as palabras cobren vida. É unha conxunción de todo, e para escribilo fai falta tranquilidade. O que máis me gusta del é a transformación, como todo pode mudar.

—Tamén ten unha faceta de crítica literaria. Non lle parece que a crítica en Galicia é demasiado compracente coa literatura galega actual? Non hai demasiadas "obras boas"?



Marga do Val

“O que máis me gusta do teatro é a transformación”

A polifacética Marga do Val vén de obter o Premio da Asociación de Críticos Literarios ao mellor poemario galego por A cidade sen roupa ao sol. Só uns días despois, a súa tradución de Rande do alento, de Herta Müller, foi recoñecida como a mellor do ano pola Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG). Agora mesmo estase a representar no Teatro Arte Livre de Vigo a súa última obra como dramaturga: Lorca e as flores de Venus.

LOURDES VARELA

A escritora viguesa, na histórica ponte internacional de Tui.

FOTO: ELI REGUEIRA

—Na literatura galega hai moitas obras boas, pero tamén as hai malas. Facer crítica nun país como Galicia é difícil; de feito, eu estou pensando en deixalo porque me agobia bastante. Cada vez hai menos espazo dedicado ás críticas nos xornais, polo que sempre procuro escribir sobre un libro boe que che goste.

—Outra das súas facetas é a tradución: Como consegue Vde. compaxinar a Marga do Val creadora coa Marga do Val tradutora que, por forza, ten que ser fiel ao texto do escritor orixinal?

—Hai traducións que dá gusto facelas. Algúns dos libros que traducín, escollínoas eu expresamente. Traducir á Nobel Herta Müller foi marabilloso, porque soamente o feito de buscar o galego xa era en si mesmo unha creación, e ademais estou moi identificada con Müller. No caso de Néida Piñón, confeso que eu, como grande defensora da lusofonía, sentínme un pouco traidora. Coi-do que en Galicia a xente debería ler esas obras en brasileiro e portugués directamente, polo que traducíla xa non me gustaba tanto como no outro caso, así que o que fixen foi máis ben unha adaptación ortográfica que unha tradución propiamente dita.